



## CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
441/2018	A Xunta de Goberno Local

**MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,**

### CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 30 de abril de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

#### **Expediente 441/2018. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO SOCIOEDUCATIVO "ESPAZO CONCILIA A ESTRADA"**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 23/04/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo de "SERVIZO SOCIOEDUCATIVO ESPAZO CONCILIA A ESTRADA".

Visto que se publicou o anuncio de licitación no Perfil do Contratante o día 20 de febreiro de 2018, abrindo un prazo de 7 días hábiles para a presentación das correspondentes ofertas.

Visto que rematou o prazo o día 1 de marzo de 2018 e que presentaron oferta as seguintes empresas:

- Servizos Integrals de Formación S.C.
- Graciela Noemí Dobarro Ranni.
- Dna. Rocío Couto Rendo.
- Grupo ACODE EDUCA S.L.
- SOIE Educación S.C.

Visto que, aberto o sobre único presentado pola empresa SOIE Educación S.C., obsérvase que no seu interior ademais de conter os sobres A, B e C, inclúe tamén un CD solto no que non só contén a documentación relativa aos sobres A e C, senón tamén a correspondente ao sobre B (oferta económica), polo tanto, ao considerar que o contido da plica non foi presentado de conformidade co estipulado no PCAP, procede a exclusión da indicada empresa deste procedemento de licitación.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 13 das

**Concello da Estrada**



do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos catro licitadores mellor clasificados que resultaron ser: Servizos Integrales de Formación S.C., Grupo ACODE EDUCA S.L., Rocío Couto Rendo e Graciela Noemí Dobarro Ranni, para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Visto que as empresas: Servizos Integrales de Formación S.C., Grupo ACODE EDUCA S.L. e Graciela Noemí Dobarro Ranni presentan unha segunda oferta que mellora a presentada inicialmente.

Visto que Dna. Rocío Couto Rendo non presenta unha segunda oferta, polo que se entende que se confirma na primeira presentada.

Visto que, como consecuencia do anterior, e unha vez efectuados os cálculos correspondentes, resulta que a empresa **ACODE EDUCA S.L.** resultou ser a que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 euros, xunto co certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se atopa ao corrente dos pagamentos, e o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 24/04/2018.

E, vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Inadmitir á empresa SOIE Educación S.C., por non presentar a documentación segundo o estipulado na cláusula 13 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Segundo.-** Adxudicar o contrato do servizo socioeducativo "ESPAZO CONCILIA A ESTRADA" por importe de 45.540 euros (IVE



incluído), á empresa GRUPO ACODE EDUCA S.L., (con CIF B36593697 e enderezo no Centro Comercial Parque 31 - Local 12 - Silleda), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

**Terceiro.-** Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

**Cuarto.-** Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**